

Contraurbanización no val Miñor. O caso de Baiona

MAR GUNTÍN

Ao falarmos do Val Miñor, resulta inevitable e necesario facer unha reflexión sobre unha cuestión que está a alterar os modos de vida e un elemento tan importante como o terreo: os procesos urbanísticos. Con todo, non é a miña intención facer unha enumeración de datos cuantitativos ou demográficos nin unha análise detallada de plans e leis urbanísticas, aspectos estes que teñen escasa incidencia na praxe e que non son os que máis axudan a comprender a situación que se está a dar en Baiona, Gondomar e Nigrán.

Baiona mantén un estreito contacto co mar, vencellado á historia; destacan as súas xentes, amables e amantes da vida, as fondas tradicións culinarias e un contorno privilexiado pola Natureza. Unha localidade que a través do Plan de Excelencia converteuse nun foco turístico de gran renome. Baiona é o destino turístico de moitos ourensáns, madrileños e vigueses, que non dubidan en pasar a tempada estival ano tras ano nesta privilexiada vila mariñeira chea de encantos. Non resulta difícil ler este tipo de presentacións de Baiona, pero a vila só ten esa cara amable nas guías turísticas. Esta descrición de Baiona é unha narración insólita e ás veces ilusoria porque a Baiona das guías turísticas e similares xa non existe.

Baiona sitúase no fondo da baía do seu nome, protexida polo saínte peninsular de Monte Boi e ó pé dos somontes da serra da Grova. Xa na Idade Media consolidase como un destacado atractivo na contorna do Val Miñor, e xa daquela realizaba importantes actividades pesqueiras e comerciais polo seu carácter de vila de reguengo. A competencia portuaria de Vigo, importante polo industrializador das actividades pesqueiras, é a causa do estancamento de Baiona e da crecente dependencia respecto da próspera urbe viguesa. Pero nos anos 70, coa creación do Parador Nacional de Turismo Conde de Gondomar e a potenciación das actividades de lecer, asístese a unha transformación na estrutura urbana de Baiona, que se manifesta tanto na construción de novos edificios, como nun maior dinamismo demográfico, pois a poboación actual case chega ós 11.000 habitantes. Baiona converteuse nun núcleo con clara dependencia e especialización turística de veraneo, tendencia que se foi impondo cada vez máis e deu lugar á eclipse doutras funcións derivadas da súa localización costeira.

Tocante á morfoloxía urbana pódese identificar aínda o núcleo antigo ocupado densamente pola vida comercial; distínguese a zona moderna en torno ó Parador, cunha proliferación de edificios destinados a vivenda nos que a case totali-



... cunha proliferación de edificios destinados a vivenda nos que a case totalidade dos mesmos permanecen baleiros durante todo o ano agás no período estival. (Foto: M. Guntín).

dade dos mesmos permanecen baleiros durante todo o ano agás no período estival. Por outra parte, existe o barrio da Anunciada, que foi creado entre os anos 1952 e 1956 e que alberga un alto número de familias mariñeiras. Nos arrabaldes predominan vivendas de planta baixa, espalladas de maneira aleatoria, vivendas de agricultores convivindo coas residencias secundarias, que se estenden polas áreas rurais do concello.

A crecente importancia do turismo fai adquirir unha transcendencia económica inusitada ás actividades estacionais que se realizan ao seu redor. O turismo proporciona ingresos, ora exclusivos, ora compartidos cos doutras actividades, e supón unha fonte de riqueza cada vez máis valorada, malia o seu carácter estacional e as dependencias e arbitrariedades que iso implica: instalacións hoteleiras, alugamento de apartamentos, bares e discotecas, oferta de postos de traballo na hostalería, etc. Trátase en xeral dun turismo popular, esencialmente de orixe galega, pero cunha crecente importancia de visitantes foráneos e, a pesar de que o Concello fai o imposible por catalogalo como un turismo de elite, dista moito de selo.

A valoración dun espazo está vencellada na actualidade á posibilidade de crear un produto, neste caso de consumo e ocio, un espazo vendible para un sector da sociedade determinado. Hoxe en día existe unha nova estrutura social, vencellada á sociedade de servizos, á sociedade da información, á sociedade do consumo, do lecer...e isto está ligado ás transformacións urbanísticas non só de Baiona senón de todo o Val Miñor, onde se conxugan toda unha serie de factores que fan do val un polo de atracción para determinada poboación. É un fenómeno que se coñece como contraurbanización.

A contraurbanización aínda é recente na literatura académica como termo, pero non é tan recente como proceso. Segundo Berry (1976), a contraurbanización é un fenómeno que se inicia nos anos 70, cando se produce un fluxo de persoas e actividades económicas dende as áreas urbanas cara ás rurais, fronte ao tradicional movemento migratorio dende as zonas rurais cara ás grandes cidades.

Eses fluxos de poboación teñen unha composición social variada. Adoitan ser xubilados, emigrados retornados e/ou grupos sociais en busca dunha forma de vida diferente, relacionada coa "filosofía verde", esta última definida como contraurbanización contracultural (Ferrás, 1998); nese proceso participan tamén profesionais

liberais da medicina, da administración e da educación que exercen nas áreas rurais, tanto nos servizos públicos como nos privados.

As persoas, individualmente ou en familia, poden cambiar o lugar de residencia ó seu libre albedrío en función dos prezos da vivenda, das cualidades ambientais do lugar, do mercado da terra e de factores sociais como a tranquilidade, as relacións humanas, factores locais que actúan como elementos de atracción dos novos habitantes.


De feito, cada vez é maior o número de persoas que prefire vivir ou instalarse fóra das aglomeracións urbanas atraídos por un mellor medio, con menos contaminación, mellor calidade das vivendas (e ás veces de menor custo), maior tranquilidade, seguridade...

Un dos impactos deste proceso é a difusión da cultura urbana no territorio rural, o que nos leva á superación da tradicional dicotomía social e espacial que distingue o urbano do rural (Clout,1976). A urbanización do campo vai adquirindo así maior relevancia co paso do tempo, de maneira que a contraurbanización contribúe á difusión dos valores, hábitos, cultura e actividades económicas propiamente urbanas no espazo rural, o que se traduce na conseguinte mingúa do modo de vida rural. As consecuencias son múltiples e trae consigo importantes contradicións e problemas.

Dende o punto de vista social xera grandes desigualdades polarizando territorialmente a separación entre ricos e pobres. Pensemos nas urbanizacións privadas que tantísimo proliferan no Val Miñor, na ocupación indiscriminada de grandes lotes de terra do solo rural por edificios e urbanizacións que teñen un impacto ambiental e visual ferinte, no malgasto enerxético, nos desprazamentos masivos diarios, na alta dependencia do automóbil, etc. As familias acomodadas son as que poden facer fronte ós desorbitados prezos do solo, inalcanzables para a xente do propio lugar, os cales, sabedores da nova dinámica, optan por sacarlle o máximo beneficio ás súas terras.

Os novos habitantes viven no rural pero non están ocupados nas actividades rurais. Como di Pahl (1965), son "físicamente rurais pero mentalmente urbanizados". As relacións que se establecen entre estes novos habitantes e a xente do lugar é practicamente nula e non se pode esquecer que no rural as relacións primarias e os vínculos sociais teñen unha connotación moitísimo máis forte que nas cidades e isto normalmente non é contemplado polos novos veciños, que chegan a illarse do contorno de forma case automática. Este illamento está presente tanto na construción da casa, típico chaleciño "adosado" con piscina e xardín, como na relación individualista e allea cos veciños. Diferénciase así perfectamente quen é cadaquén, de onde procede e o status que ten. Isto provoca que se vaia perdendo paulatinamente o modo de vida rural e mesmo que entre a xente do lugar naza un certo sentimento de inferioridade que os leva a menosprezar os seus propios valores e o seu modo de vida. Aínda que son consciente de que se trata dun exemplo extremo, pero asemade significativo do que está a acontecer, permítanme remitirme a unha situación que presenciei ao pé da miña casa: un novo residente na zona reprimía a un veciño porque este estaba a botar esterco na súa leira, e cheiráballe mal na casa: "haga el favor de no echar eso al lado de mi casa". Sobran as explicacións. Noutras ocasións os problemas veñen polos camiños, polos lindes, pola auga...

É necesario que as autoridades pertinentes teñan a capacidade de limitar coherentemente a ocupación masiva de lotes de terreos con construcións que rompen co contorno. Tomando Baiona como exemplo, podemos observar a simple vista a desfeita urbanística á que foi e é sometida para, supostamente, dar cobertura á demanda turística e ós novos residentes. En Baiona enténdese que dar cobertura a esta demanda é construír edificios, aparcadoiros, un novo porto coa conseguinte mingúa do mar e un maior distanciamento da vila, rozar monte e construír toda unha serie de urbanizacións, pegadas, zumegando uniformidade e formigón, como a case rematada aglomeración de edificios que se fixo nos Tendais, ou na estrada



... aglomeración de edificios que se fixo nos Tendais... (Foto: M. Guntín).

que vai da Ramallosa a Sabarís, unha aliñación de edificios indiscutiblemente degradante, especulativa, impersonal, masificada...

Nas últimas décadas en Baiona asistíuse a un boom construtivo pola demanda das segundas residencias e pola presión turística. Pero hai que ter en conta que ese ritmo construtivo non se corresponde só cunha demanda real do mercado, senón cun proceso de especulación inmobiliario descontrolado. O concello foi

agumentando considerablemente o número de licencias construtivas dando lugar á transformación urbana de Baiona: os materiais utilizados son maiormente o formigón, o ladrillo e o aluminio; as edificacións teñen de 4 a 6 alturas, formando unha pantalla ó pé do mar; etc. Podería citar centos de características que exemplifican a inexistencia dunha planificación organizada que salvagarde de atrocidades a Baiona.

A vila sofre graves tensións sociais, urbanísticas e ambientais procedentes da actividade do sector turístico. O concello parece que non entende que na construción e no planeamento urbano o elemento activo é o residente/veciño. Este é o verdadeiro problema en Baiona: o esquecemento da cidadanía como elemento activo na construción da vila, así como as necesidades da mesma.

O intenso crecemento urbano ó que estivo sometida a vila trouxo consigo unha enorme presión sobre o espazo edificado, asociado a unha idea de modernidade errónea, e ademais exento dunha estratexia de desenvolvemento adaptada ás características e ás necesidades de Baiona e da súa poboación.

Nas décadas dos 60-70-80 Baiona foi escenario de construcións que marcaron o inicio do deterioro de todo o litoral; gran parte da zona de monte de Baiona, Sabarís, A Ramallosa, Baíña e Baredo foi cortada para situar urbanizacións de vivendas apegadas que non se adaptan ao contorno e que permanecen baleiras case todo o ano, agás os dous meses de verán. Baiona atópase oprimida polas novas edificacións e resulta prioritario pensar nas consecuencias que iso pode ter nos habitantes e nas súas vidas.

Diante desta realidade resulta ridículo que sigan a vender Baiona como esa pequena e encantadora vila mariñeira, co seu porto pesqueiro, as súas típicas construcións e casas mariñeiras, cun contorno natural privilexiado, evocando o pasado histórico a golpe de estatuas, monumentos conmemorativos do V Centenario, e o binomio praia-sol acompañado da gastronomía. Eses son os elementos que explota o concello para reclamo do turista: a imaxe é un produto e o produto véndese.

No Plan de Excelencia Turística de Baiona contéplase todo un dispositivo teórico acerca de como debería ser o desenvolvemento das infraestruturas respectuosas co medio, a mellora e embelecemento do contorno urbano-natural, a diversificación das actividades, a complementariedade cos concellos veciños, a desestacionalización da actividade, o incentivamente da profesionalización da oferta local... Pero a realidade é ben diferente: Baiona semella un restaurante xigante onde apenas hai oferta cultural, agás contemplar algún edificio emblemático.

É importante que o concello teña en conta as parroquias de Sabarís, Baredo, Belesar e Baiña, pois estas padecen o esquecemento e apenas se fan investimentos nelas. Descoñécense tanto as potencialidades do contorno como as súas necesidades e debilidades. A forza concéntrase na propia Baiona, aínda que vistos os resultados non sabemos se o esquecemento é preferible...

Tamén é mester que o concello revise a súa postura tocante ó tema urbanístico, que se poña en marcha xa a elaboración dun Plan Xeral de Ordenamento Municipal e que se regule a normativa urbanística. Non é admisible que un concello estea aplicando eternamente normas subsidiarias, ou simplemente omitíndoas segundo lle conveña ó goberno que toque e ó arraigado clientelismo político.

En Baiona hai un reto que asumir a nivel urbanístico e arquitectónico. A improvisación neste tema tivo e ten tal transcendencia na configuración da vila que non se poden pasar por alto as fatais consecuencias. Algunhas delas, como o novo porto, son xa inevitables.

Ademais, o Concello de Baiona non debe esquecer que a actividade turística pode ser aleatoria, está suxeita ás modas, cambia, evoluciona, a xente vai mudando os seus gustos e demanda outro tipo de lecer, de contorno, de actividades. Asistimos na actualidade á demanda de novos valores como son a tranquilidade, un medio coidado, un patrimonio arquitectónico ben conservado, actividades alterna-

... as edificacións teñen de 4 a 6 alturas, formando unha pantalla ó pé do mar.
(Foto: M. Guntín).



tivas ó binomio praia-sol, novas formas de gozar e aproveitar o tempo de lecer. Por iso resulta primordial que o concello teña a capacidade de adaptarse ás novas demandas da sociedade, saber preservar o contorno onde se sustenta a actividade, que en definitiva é o valor de uso que ten para dinamizar o territorio.

En definitiva, os concellos do Val Miñor non poden esquecer os habitantes que viven a cotío na comarca, as necesidades que teñen, os servizos e infraestruturas que necesitan, os postos de traballo ós que poden acceder; non poden esquecer as outras actividades produtivas relativas á pesca, ó comercio e á pequena industria; non poden esquecer a vivenda para a propia poboación e manter as peculiaridades culturais autóctonas se queren que prevalezan ó longo do tempo para seguir ofertando un mínimo de calidade, tanto aos visitantes como á propia poboación, e isto pasa por conservar e manter os valores socioculturais, naturais e aplicar un urbanismo en consonancia co contorno.

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ SOUSA, A. (2001): *Desenvolvemento e planificación municipal do Turismo*. A Coruña.
- BARRERE, P. (1989): *Urbanización del campo en los países industrializados*. II Congreso Mundial Vasco: Espacios rurales y urbanos en áreas industrializadas: 59-78, Oikos-Tau, Barcelona.
- BERRY, B.J. (1976): *Urbanization and counterurbanization*, Arnold, Nova York.
- CLOUD, H.D. (1976), *Geografía rural*, Oikos-Tau, Barcelona.
- FERRÁS SEXTO, C. (1995): *Contraurbanización y planificación territorial: los casos de Irlanda y Galicia*. Ciudad y Territorio-Estudios Territoriales.
- (1995): *Contraurbanización, Suburbanización y cambio rural en la Europa Atlántica: estudio comparado de Galicia e Irlanda*. Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago.
- (1998): *El fenómeno de la contraurbanización en la literatura científica internacional*. Ciudad y Territorio-Estudios Territoriales.
- FERRÁS SEXTO e SOUTO GONZÁLEZ, X.M. (2002): "Cidade atlántica e organización territorial en Galicia". Revista *Grial* (Tomo XL).
- HALL, P. (1983): *Decentralization without End? A Revaluation, The expanding city*, Academic Press.
- ORTEGA VALCÁRCEL, J. (1975): *Residencias secundarias y espacio de ocio en España*, Universidad de Valladolid, Valladolid.
- PAHL, R.E. (1965): *Urbs rure. The metropolitan fringe in Hertfordshire*, Londres. London School of Economics and Political Science.
- SOUTO GONZÁLEZ, X.M e SOUTO GONZÁLEZ, M.P. (1991): *O Val Miñor. Entre as transformacións rurais e as innovacións urbanas*. Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación.